



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Secretaría

*Bases específicas para a provisión de 4 prazas de bombeiro-condutor*

A Xunta de Goberno Local, en data 22 de decembro de 2022 aprobou as seguintes

#### **BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN CATRO PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR ..-**

De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA:

#### **Antecedentes.-**

- Concello Pleno de data 24.02.2022 aprobou con carácter definitivo a Relación de Postos de traballo para 2022 que inclúe as seguintes prazas de bombeiros vacantes a data do presente informe. .
- Con data 13 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local aprobou a Oferta pública de emprego para 2022 que inclúe una praza de bombeiro-condutor para a súa provisión definitiva (BOP núm. 75 do 21/04/2022) ampliada por acordo de Xunta de Goberno de data vinteoito de xullo de 28.07.2022 (BOP núm. 145 do 02/08/2022 ) con tres prazas mais de bombeiro-condutor
- A Xunta de goberno local aprobou as bases xerais que deben rexir as presentes convocatorios en dta 19.05.2022 (bop da Coruña 98 de 25.05.2022)
- No presente expediente, consta informe de costes en relación ás prazas ofertadas.

Considerando o exposto, se propón a concellalía delegada de persoal e RRHH, eleve a xunta de goberno local o presente acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes bases específicas para a provisión por catro prazas de bombeiro-condutor,

- 1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Especial. Subescala: Cometidos especiais
- 2.- Número de prazas que se convocan.- 4
- 3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo C2, nivel 14, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.
- 4.- Sistema de provisión.- Oposición libre.
- 5.- Titulación esixida.- Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.
- 6.- Funcións da praza
  1. As xerais que figuran na lexislación do servizo
  2. Extinción de incendios forestais, urbanos, rurais e industriais.
  3. Excarceración (liberación) en accidentes de tráfico, ferroviarios e aéreos.
  4. Rescates acuáticos.
  5. Rescates verticais e evacuacións.
  6. Urgencias con mercadorías perigosas.
  7. Retirada de elementos perigosos.
  8. Procura de vítimas de catástrofes.
  9. Urgencias menores como rescate de animais atrapados ou asistencias técnicas en tubaxes principais.

Así mesmo, o bombeiro-condutor estará obrigado a manter en forma continuada as súas condicións de aptitude física e profesional, mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e prácticas, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

7.- Requisitos dos/as aspirantes Ademais dos requisitos xerais expresados nas bases xerais, son requisitos para acceder á praza de bombeiro/a-condutor/a:

- a) Estar en Posesión do título de graduado escolar ou equivalente.
- b) Estar en posesión dos permisos de conducir B, C, E.

Todos os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos mentres se atope en situación de servizo activo na escala á que se aspira.

8.- Documentación a presentar xunto coa instancia.

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Certificados expedidos pola xefatura de tráfico con datas de expedición dos carnés de conducir B e C+E.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame.

9.- Dereitos de exame.- 17,21 euros.

10.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente).- Un funcionario/a municipal.
- Vocais (en número de tres).- Funcionarios/as de calesquera administración pública.
- Secretario (titular e suplente).- Secretario xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue

11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de dúas fases:

- A) Fase de oposición
- B) Curso selectivo de formación e prácticas.

#### **A.- FASE DE OPOSICIÓN**

Esta fase constará de catro exercicios, ademais dunha proba psicotécnica e un recoñecemento médico.

##### **PRIMEIRO EXERCICIO.- Proba de coñecementos teóricos.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na contestación por escrito, no tempo máximo de 90 minutos dun cuestionario dun máximo de 75 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha das que só unha delas será correcta, relativas ao temario que figura como Anexo I destas bases.

Este exercicio avaliarase de 0 a 15 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non consigan a puntuación mínima de 7,5 puntos.

Cada pregunta correcta terá un valor de 0,2 puntos.

Cada pregunta incorrecta terá un valor negativo de -0,05.

As preguntas en branco non puntúan.

Os opositores deberán responder igual a 10 preguntas de reserva a utilizar polo tribunal no suposto de impugnación e posterior anulación dalgunha das 75 preguntas nas que consiste o presente exercicio. No caso de que a impugnación e anulación consiga un número de preguntas superior ás 10 establecidas como de reserva, a puntuación mínima e a valoración alterárase proporcionalmente a tal circunstancia.

##### **SEGUNDO EXERCICIO.- Probas de aptitude física - probas físicas**

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican no Anexo II destas bases.

Este exercicio avaliarase cun máximo de 10 puntos.

Cada proba terá unha puntuación de 0 a 10 puntos debendo obter un mínimo de 5 puntos.

Para aprobar este exercicio deberá superarse cada unha das 5 probas sendo, polo tanto, cada unha delas obrigatoria e eliminatoria. A cualificación final dos aspirantes que realizaron o segundo exercicio farase sumando as puntuacións obtidas en cada unha das probas e dividíndoas entre a suma delas nas que se establece baremación.

O mesmo día de inicio das probas físicas o/a aspirante deberá presentar xunto co documento nacional de identidade un certificado médico en impreso oficial, asinado por profesional colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións precisas para realizar as probas físicas que figuran nas presentes bases. A non presentación deste certificado descualifica ao opositor para seguir no proceso selectivo.

**TERCEIRO EXERCICIO.- Destreza no manexo de ferramentas e útiles.**

Obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio avaliarase cun máximo de 10 puntos.

Consistirá na realización dunha ou varias das seguintes probas practicas que determinará o tribunal antes do inicio do exercicio.

- 1.-Proba de coñecemento do medio. (Tendido de mangueriras / Instalacións)
- 2.-Proba de destreza no uso de ferramenta. (Corte / Derrube / Apeos e Apuntalamentos)
- 3.-Proba de tolerancia as alturas. (Subida e/ou descenso a AEA / Balcón / Estada)
- 4.-Proba de habilidade e destreza manual. (Cabeceiras para Ancoraxe / Eslingas / Nós)
- 5.-Proba de tolerancia ós espazos fechados. (Circuíto OBR / Ascensor)

No caso de exercicios no que se sexa preciso o uso de ferramentas, utilizaranse as propias do Servizo.

O tribunal, nos días previos á realización do exercicio, establecerá horario de visitas e observación das ferramentas, que en ningún caso poderán ser manipuladas polos aspirantes.

Previamente á relación de cada exercicio, o tribunal indicará os criterios para a execución, tempo e calquera elemento que se precise para a concreción do exercicio.

O tribunal, antes do inicio da proba indicará as probas a realizar, podendo realizarse todas as probas ou unha selección das mesmas.

O tribunal sinalará os tempos para a realización das probas, que serán iguais para todos os aspirantes.

Cada proba do exercicio terá unha puntuación máxima de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 5 puntos en cada un deles para superalo, polo que cada proba que se estableza será obrigatoria e eliminatoria. A cualificación final dos aspirantes farase sumando as puntuacións obtidas en cada proba e dividíndoas entre o número de probas realizadas.

**CUARTO EXERCICIO.- Proba de condución**

Consistirá na condución dun vehículo do Servizo atendendo ao código de circulación. Este exercicio avaliarase cun máximo de 10 puntos. Os aspirantes realizarán as seguintes probas, que serán idénticas para todos:

1. Proba de condución. Valórase: manexo, trato do vehículo e observancia do regulamento de circulación vixente.
2. Xiro en espazo limitado. Valórase: destreza, control de espazo e coñecemento das posibilidades técnicas básicas.
3. Estacionamento cara atrás en localización delimitada con espazo limitado. Valórase: axilidade, control de espazo, tacto e operatividade do mesmo unha vez situado.

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXERCICIO: A determinar polo Tribunal coa convocatoria ao exercicio.

CARACTERÍSTICAS DO VEHÍCULO: Calquera vehículo do servizo.

EXAME DO VEHÍCULO: facultarase aos/ás aspirantes para o exame visual do vehículo a utilizar, previamente á realización da proba, indicándose na convocatoria lugar e horario para esta.

O tempo máximo de realización indicaráo o tribunal antes do inicio de cada exercicio.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter unha puntuación de 5 puntos para superalo.

**QUINTO EXERCICIO.- Proba psicotécnica**

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

Consistirá na realización de tres probas sendo cada unha delas obrigatoria e eliminatoria. A cualificación será de apto/non apto.

a) Proba de intelixencia: Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Proba de personalidade: A proba orientarase á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño laboral, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes.

Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade.

Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo.

c) Realización dunha entrevista persoal cos aspirantes.

#### SEXTO EXERCICIO.- Proba de lingua e coñecemento da lingua galega.

Consistirá en traducir un texto sinalado polo tribunal nun tempo máximo de 30 minutos. O exercicio cualificarase de apto ou non apto. A cualificación de non apto supón a exclusión do/a aspirante do proceso selectivo.

Quedarán exento/a da proba de galego quen acredite estar en posesión do certificado de galego, Celga 3, homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

#### PROBA MÉDICA. -Recoñecemento médico.

Os/as aspirantes unha vez rematados todos os exercicios, deberán superar un recoñecemento médico en base ao cadro de exclusións médicas do Anexo III. Esta proba cualificarase de apto ou non apto, a non superación desta proba suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

#### QUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos catro primeiros exercicios da fase de oposición. En caso de empate na puntuación final, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.

EXERCICIO	DESCRIPCIÓN	PUNTUACIÓN
Primeiro	Coñecementos teóricos	Máximo 15 pts.
Segundo	Aptitude física	Máximo 10 pts.
Terceiro	Manexo de ferramentas	Máximo 10 pts.
Cuarto	Proba de condución	Máximo 10 pts.
Quinto	Proba psicotécnica	"Apto" ou "Non Apto"
Sexto	Recoñecemento médico	"Apto" ou "Non Apto"
<b>TOTAL</b>		<b>Máximo 45 puntos</b>

**NOMEAMENTO FUNCIONARIO/A EN PRÁCTICAS.-** Quen teña superado o proceso selectivo e alcance será nomeado/a funcionario/a en prácticas, debendo superar un curso de formación dun máximo 3 meses de duración para poder ser nomeado/a funcionario/a de carreira.

**B.- CURSO DE FORMACIÓN.-** Aqueles aspirantes que teñan superado tódalas probas do proceso selectivo e se atopen en praza, serán nomeados/as funcionarios/as en prácticas, debendo superar un curso de formación teórico práctico de 3 meses de duración como máximo, indicado no Anexo IV destas bases, para poder ser nomeado/a funcionario/a de carreira.

O curso de formación poderá desenvolverse en instalacións municipais e/ou en centros de formación públicos ou privados.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incorrer en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas das que conste.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo III.
- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.

**CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA E LISTA DE ESPERA .-** Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, a relación de aspirantes que tivesen superado o proceso selectivo pero respecto aos cales non se formulara proposta de nomeamento por non alcanzar o número das prazas ofertadas, poderán ser propostos polo tribunal para realizar o curso de formación teórico práctico, aos efectos de poder ser nomeados funcionarios/as de carreira, nos supostos previstos na base décimo quinta das bases xerais 2022 que rexen este proceso selectivo.

Ademais, se formará unha lista de espera, aos solos efectos de chamamentos en postos interinos, cos opositores que tivesen superado íntegramente o proceso selectivo e aqueles opositores que sin superar íntegramente o proceso selectivo, tiveran aprobado o primeiro examen da oposición e as dúas primeiras probas do segundo.

A orde na lista de espera será polo número de probas superadas e, no caso de empate, o total de puntuación obtida no proceso selectivo.

Os opositores que permanezan na lista de espera poderán ser convocados para realizar os cursos teórico-prácticos, que o servizo do Speis organizará periodicamente, na sede do Speis Narón. No suposto de superar o curso e ao proba médica nos términos das presentes bases, quedarán habilitados para a incorporación inmediata ao posto de traballo no caso de chamamentos interinos.

Esta lista de espera, terá carácter preferente sobre calquera outra que poida existir con anterioridade para futuras contratacións nos términos establecidos na base décimo sexta das bases xerais 2022 que rexen o presente proceso selectivo.

## ANEXO I – TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Título preliminar. Artigo 10, Capítulo I e Capítulo II do Título I. Capítulo I e Capítulo II do Título III. Das Cortes Xerais.

2. O Estatuto de Autonomía para Galicia. Título preliminar. Título I. Do poder Galego.

3. A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Título Preliminar. Disposicións xerais. Artigo 10; artigo 11. Capítulo II. Poboación, Capítulo III. Organización e Capítulo IV. Competencias do Título I. Do Municipio.

4. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Título III. Clases de persoal. Título V. Adquisición e perda de la relación de servizo. Capítulo II. Promoción profesional e avaliación do desempeño. Capítulo V. Dereitos económicos e protección social do Título VI. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Capítulo III. Representación e participación institucional do persoal funcionario do Título VII. Dereitos de exercicio colectivo dos empregados públicos. Capítulo I. Disposicións xerais, capítulo II. Faltas disciplinarias e Capítulo III. Sancións disciplinarias do Título IX. Réxime disciplinario

5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Capítulo II. Política en materia de prevención de riscos laborais. Capítulo III. Dereitos e obrigas. Capítulo V. Consulta e participación dos traballadores. Capítulo VII. Responsabilidades e sancións.

6. A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Título preliminar. Disposicións xerais. Capítulo III. A axencia galega de emerxencias, capítulo IV. Competencias das entidades locais e capítulo V. As xuntas locais de protección civil do Título II. Organización administrativa e competencias. Título III. A acción pública de protección civil e emerxencia. Título IV. As medidas de autoprotección privada. Título V. O persoal.

7. Equipos de protección individual. Equipos de protección respiratoria. Roupa de protección para bombeiros. Traxes de protección química, tipos e características. Niveis de protección atendendo os distintos tipos de normativa. Uso axeitado dos niveis de protección. Mantemento de traxes de protección química.

8. Física aplicada. Cinemática e dinámica, velocidade e aceleración, traballo, enerxía e potencia. Máquinas, simples, hidráulicas e pneumáticas. Equilibrio – estabilidade. Elasticidade. Estados da materia, física de gases. Unidades de medida.

9. Teoría do lume, combustións, mecanismos de extinción, axentes extintores, potencia de lume e capacidades extintoras dos axentes extintores. Explosións, tipoloxía e características.

10. Hidráulica aplicada a equipos de bombeiros. Conceptos básicos, tipos de bombas, capacidades técnicas e potencia hidráulica, caudais tácticos en loita contra lumes, instalacións de extinción.

11. Extinción de lumes baixo presenza eléctrica. Magnitudes, accidentes baixo presenza eléctrica, elementos dun sistema eléctrico, ferramentas e EPI's para risco eléctrico. Seguridade e intervención baixo risco eléctrico. Corte de Submáistrros en edificación, partes e seguridade durante os traballos.

12. Condución de vehículos de emerxencia (lixeiros e pesados). Integración condutor – vehículo, avisos por emerxencias, condución en tren de saída. Pautas de condución en referencia a condicións especiais (paso por curva, glorieta, distancias de seguridade).

13. Mantemento de medios móbiles, comprobación de niveis, tren de rodaxe. Vehículos para traballos en altura (autoes-cala), xeneralidades, revisión de puntos preventivos, comprobación de funcionamento “movementos e puntos de revisión”, elementos auxiliares. Mantemento de equipos auxiliares, bombas hidráulicas, xeradores eléctricos, motobombas.

14. Control e extinción de incendios estruturais. Fases, ILV-ILC (incendios limitados por ventilación – incendios limitados polo combustible). Fenómenos violentos, factores influentes. Métodos de extinción. Seguridade neste tipo de intervencións.

15. Control e extinción de incendios urbano-forestais (interface). Definicións, tipoloxía, tipos de propagación, morfoloxía, factores influentes. Ferramentas empregadas en lumes forestais. Técnicas de extinción. Seguridade e técnicas operativas para intervirte. Auto protección dos equipos de extinción en labores de intervención.

16. Intervención baixo risco tecnolóxico, incidentes no transporte de mercadorías perigosas. Mercadoría, sustancia. Clasificación de mercadorías, identificación, ADR (Caixa, intermodal e cisternas), equipamento dos vehículos ADR. Normas de carga – descarga en mercadorías perigosas (niveis de carga, operacións de carga-descarga. Tipoloxía de accidentes con mercadorías perigosas afectadas.

17. Intervencións baixo riscos antrópicos vinculados á construción. Patoloxías da construción vinculadas a bombeiros. Lesións e a súa forma de manifestarse. Derrubamentos e colapsos estruturais. Actuacións provisionais en emerxencias (apeo – apuntamento). Entibacións, tipoloxía, elementos e formas de construción.

18. Subministros enerxéticos na edificación urbana. Rede de hidrantes, tipoloxía, partes e características principais. Redes de gas, tipoloxía, partes e presións de funcionamento. Rede de alumeadado público, tipoloxía e compoñentes. Rede de abastecemento de auga en vivendas. Instalacións de abastecemento enerxético (solares e fotovoltaicas).

19. Equipos para corte mecánico e por perforación (martelos percutores ou de demolición, corte de formigón). Equipos de corte por temperatura (oxicorte, plasma e corte térmico “lanza térmica”). Radial, tronzadora, motoserra, serra de sable. Instrucións de uso e pautas de seguridade en uso.

20. Rescate de persoas en vivendas (apertura de elementos de cerramento). Tipos de cerramentos, partes dunha fechadura, materiais empregados na apertura de cerramentos, técnicas empregadas (destrutivas – non destrutivas).

21. Rescate en aparatos elevadores e maquinaria pesada. Normativa de referencia. Tipoloxía. Partes dun aparato elevador (ascensor), sistemas de apertura, local de máquinas (elementos). Procedemento xeral de rescate en ascensores con local de máquina (cabina aliñada, desalíñada e trabada). Procedemento xeral de rescate sen local de máquinas (baixo tensión e sen tensión eléctrica).

22. Intervención e rescate en medios de transporte. Ciclo de salvamento nun accidente tráfico. Seguridade e control de riscos en intervención. Tipoloxía de vehículos. Equipos hidráulicos empregados no rescate vehicular (grupo de accionamento e partes, cizalla hidráulica, separador hidráulico, cilindro hidráulico, ferramenta combinada hidráulica), características, principio de funcionamento. Equipos neumáticos, principio de funcionamento, tipoloxía atendendo a súa presión.

23. Primeiros auxilios para intervirte. Biomecánica do trauma. Material de inmovilización (cervical, columna e extremidades). Soporte Vital Básico, RCP, OVACE “obstrución vía aérea con corpo extraño”. Cadea de supervivencia. Intoxicacións por gases, monóxido e gases nocivos. Tipoloxía de traumatismos (craniais, raquídeo medulares, torácicos, abdominais, extremidades, embarazos e nen@s). Alteracións producidas por frío e calor, queimaduras, conxelacións, golpe de calor, insolación.

24. Equipos e materiais para traballos verticais. Lexislación básica e complementaria para traballos en altura & espazos confinados. EPIs colectivos (cordas, cintas, placas distribuidoras, antixiros), individuais (arneses, cabos de ancoraxe, descensores, bloqueadores, anticaídas). Material de ancoraxe (conectores, poleas simples, poleas compostas, poleas con freo). Materiais especiais (trípode, padiolas, triángulos de evacuación). Mantemento e caducidade dos materiais (têxteis, cordas, cintas e arneses). Nos, tipos e particularidades. Cadea dinámica de seguridade, SAS (Sistema Ancoraxe de Seguridade) tipos.

25. Escaleiras manuais. Lexislación e normativa. Clasificación. Tipos de escaleiras. Escaleiras específicas para bombeiros (ganchos, garfos, antepeito, extensible o colisa), aplicacións e manobras básicas. Mantemento preventivo.

26. Toponimia do Concello de Narón (rueiro, edificios singulares e puntos de interese).

(Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame.)



## ANEXO II

## PROBAS FÍSICAS

**1º Proba 1000 metros.** Consiste en percorrer unha distancia de 1000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda. A posición de saída será de pé detrás da liña de saída. Os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados. Puntuarase atendendo a seguinte escala, contabilizándose o tempo en segundos e desprezando as centésimas de segundo.

TEMPO DE PERCORRIDO	PUNTUACIÓN	
	HOMES	MULLERES
Máis de 3´30"	Eliminados	Eliminadas
3´25" a 3´30"	5 pts	5 pts
3´20" a 3´24"	6 pts	6,5 pts
3´10" a 3´19"	7 pts	7,5 pts
3´00" a 3´09"	8 pts	8,5 pts
2´50" a 2´59"	9 pts	9,5 pts
2´49" ou menos	10 pts	10 pts

**2º Trepa de corda.** No caso dos homes, subir e baixar a pulso unha corda lisa de seis (6) metros sen axuda dos pés, sen impulso e partindo da posición de sentado, subindo sen deixar que os pés toquen no chan e baixando sen deixarse caer. No caso das mulleres, partírase dunha posición de pé, tocando a corda únicamente coas mans, podendo axudarse dos pés no momento da subida á corda, debendo baixar sen deixarse caer.

O tempo que se contabilizará só será o de subida.

Poderán realizarse dous intentos, sempre que o primeiro sexa considerado nulo.

Para os homes, consideraranse intento nulo nas seguintes situacións:

- Exista impulso no inicio do ascenso.
- Se realice presa coas pernas.
- Se suxeite coas pernas na corda ao tocar o fin da corda.
- Se tras 12" desde o inicio da proba non se acada a marca no final do ascenso.
- Se cae da corda.

Para as mulleres, consideraranse intento nulo nas seguintes situacións:

- Exista impulso no inicio do ascenso.
- Se tras 12" desde o inicio da proba non se acada a marca no final do ascenso.
- Se cae da corda.

Os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados. Puntuarase atendendo a seguinte escala, contabilizándose o tempo en segundos e desprezando as centésimas de segundo.

TEMPO DE PERCORRIDO	PUNTUACIÓN
	HOMES E MULLERES
Máis de 12"	Eliminados
Entre 10" e 12"	5 pts
Entre 8" e 9"9	6 pts
Entre 7" e 7"9	7 pts
Entre 6" e 6"9	8 pts
Entre 5" e 5"9	9 pts
4"9 ou menos	10 pts

**3º Levantamento de pesas *press de banca*.** Executar as máximas repeticións en *press de banca* con 40 kg para homes e 30 kg para mulleres, nun tempo de 60 segundos, debendo executar o exercicio en cada unha das flexións tocando o peito coa barra e elevándoa á máxima extensión de codos. Non está permitido o rebote da barra no peito nin despegar as cadeiras ou espalda do banco e os pés terán que estar en todo momento en contacto co chan ou co banco. Aquelas repeticións mal executadas non serán contabilizadas. Remata o exercicio cando o opositor non poida realizar mais repeticións (solicite axuda para colocar a barra no fixador), execute mal tres repeticións seguidas ou se desprenda da barra. Os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

REPETICIÓN	PUNTUACIÓN
HOMES E MULLERES	
Menos de 40 repeticións	Eliminados/as
40 a 45 repeticións	5 pts
46 a 50 repeticións	6 pts
51 a 55 repeticións	7 pts
56 a 60 repeticións	8 pts
61 a 65 repeticións	9 pts
66 ou máis repeticións	10 pts

**4º Paso de escaleira horizontal con percorrido completo.** Trátase de pasar un percorrido completo o maior número de veces e axudados unicamente das mans, nun tempo máximo de un (1) minuto. Se permite unicamente o contacto das mans espaldas cós chanzos da escaleira mentres dure a proba. O exercicio realizarase nunha escaleira de madeira de 4 metros de lonxitude, suspendida en horizontal, con chanzos dunha sección de 35mm e unha distancia entre eles de 20cm. O primeiro percorrido completo (ida mais viraxe) é obrigatorio para acadar a puntuación mínima para superar o exercicio.

(Enténdese por percorrido completo ó paso de ida na escaleira horizontal co seu viraxe ó remate do mesmo, sendo obrigatorio en calquera caso o paso polo primeiro e último chanzo da escaleira con ambas dúas mans de xeito simultáneo).

Considerarase eliminado nas seguintes situacións:

- Se existe contacto de calquera outra parte do corpo, que non sexan as mans, coa escaleira.
- Se perde o contacto total coa escaleira.
- Cando o primeiro percorrido non se efectúa segundo ás instrucións descritas.
- Cando tras un (1) minuto desde o inicio da proba non se acada un paso completo.

Os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.


Puntuarase atendendo a seguinte escala:

NÚMERO DE PERCORRIDOS	PUNTUACIÓN	
	HOMES	MULLERES
1 percorrido completo	5 pts	5 pts
2 percorridos completos	6 pts	6,5 pts
3 percorridos completos	7 pts	7,5 pts
4 percorridos completos	8 pts	8,5 pts
5 percorridos completos	9 pts	9,5 pts
6 ou máis percorridos completos	10 pts	10 pts




**5° Proba de medio acuático.** A proba consiste en nadar e bucear unha distancia de 100 metros, nunha piscina de 25 metros distribuídos nos seguintes percorridos:

-50 metros de nado libre.



-15 metros de mergullo para recuperar un obxecto colocado no fondo da piscina.



-saída vertical á superficie para nadar a distancia entre o obxecto e o bordo da piscina (10m), depositando o obxecto recuperado.



-25 metros de nado libre.



A posición inicial é de pé no bordo da piscina ou dentro do vaso, na zona de saída e sempre en contacto cón bordo, con traxe de baño e gorro. Non se permite o uso de aletas nin de ningún accesorio agás lentes de natación.

Unha vez dada a voz de saída o aspirante desenrolará o exercicio segundo as instrucións dadas, rematando a proba cando toca coa má a parede vertical do vaso da piscina en zona de meta.

Para considerarse válido o exercicio, en cada xiro de 25 metros tocará con calquera parte do corpo a parede vertical do vaso da piscina que corresponda. No momento de deixar o obxecto, poderá apoiarse ou suxeitarse libremente no bordo da piscina que corresponda.

Para os efectos de descualificación será de aplicación o Regulamento da Federación Española de Natación (RFEN).

Consideraranse intento nulo nas seguintes situación:

- O aspirante camiñe polo fondo ou se axude coas corcheiras durante o exercicio.
- Se cambie de rúa.
- Saia á superficie no tramo de buceo antes de recuperar o obxecto.
- Supere o tempo establecido.
- Efectúe dúas saídas nulas, entendendo por nula despegarse do bordo antes da orde de saída.
- Non depositar o obxecto.

Puntuarase atendendo a seguinte escala:

TEMPO DE PERCORRIDO	PUNTUACIÓN	
	HOMES	MULLERES
Máis de 1´30"	Eliminados	Eliminadas
Entre 1´23" e 1´30"	5 pts	5 pts
Entre 1´19" e 1´22"	6 pts	6,5 pts
Entre 1´15" e 1´18"	7 pts	7,5 pts
Entre 1´11" e 1´14"	8 pts	8,5 pts
Entre 1´07" e 1´10"	9 pts	9,5 pts
1´09" ou menos	10 pts	10 pts

### ANEXO III

#### EXCLUSIÓNS MÉDICAS

##### 1. Obesidade-delgadeza.

- Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o servizo das funcións propias do cargo.
- Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresado en metros.

##### 2. Oftalmoloxía.

- Diminución da agudeza visual inferiores a 1/3 no ollo mellor e 1/4 no ollo peor sen lentes correctoras.
- Patoloxía que, a xuízo do tribunal, poida alterar o desenvolvemento da función da profesión ou agravarse con ela, entre elas:
  - Retinopatía (admítese a coriorretinite central serosa).
  - Retinose pigmentaria.
  - Hemeralopía.
  - Hemianopsia.
  - Diplopia.
  - Discromatopsias importantes, que poidan alterar o desenvolvemento da función a xuízo do tribunal.
  - Glaucoma.
  - Afaquias, pseudoafaquias.
  - Subluxación do cristalino.
  - Distrofia corneal progresiva ou con diminución da agudeza visual inferior á permitida.
  - Queratite crónica.
  - Alteracións oculomotoras importantes.
  - Dacriocistite crónica.
  - Pálpebras: calquera patoloxía ou defecto que impida a protección do ollo á intemperie.
  - Tumores oculares.
  - Amputación importante do campo visual en ambos os ollos.

##### 3. Otorrinolaringoloxía.

- Non se admitirá audiófono.
- A agudeza auditiva conversacional admitindo perdas de entre 1000 e 3000 hertzios a 35 decibeis ou de 4000 hertzios a 45 decibeis.

- Vertixe
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.

#### 4. Aparato locomotor.

Alteracións do aparato locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro/a ou que poidan agravarse a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo (patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares ou articulares.

#### 5. Aparato dixestivo.

- Cirrose.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatite crónica.
- Úlcera sanguenta recidivante.
- Calquera patoloxía do aparato dixestivo ou intervencións cirúrxicas que presenten secuelas funcionais con repercusións orgánicas e que incidan negativamente no desempeño do seu traballo.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.

#### 6. Aparato cardiovascular.

- Hipertensión arterial maior de 155/95 mmHg
- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, nin sufrilo anteriormente.
- Coronariopatías.
- Arritmias importantes con repercusión hemodinámica.
- Taquicardia sinusal permanente de máis de 120 latidos por minuto.
- Flutter – Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
